

1922
En Villalba (Lugo), a dazaioito de agosto de mil novecentos oitenta e dous
ás catro e media do serán, refúnese o xurado calificador dos traballos pre-
sentados ao VIII CERTAMEN LITERARIO convocado polo Excmo. Axuntamento de
Villalba, formado por:

DON XOSE TRAPERO PARDO, periodista i escritor. Membro da Real Academia -
Galega, como Presidente.

Vocales: DON XOSE MARIA GARCIA LEIRA, Alcalde de Villalba; DONA MARIA DO/
CARME CACHARRON LOPEZ, Licenciada en Románicas-Profesora de Lingoa e Lite-
ratura española no Liceo Francés de Madrid e DON ADOLFO DE ABEL VILELA,
escritor e profesor.

Actúa como Sagredario, Don Xulio Xiz Ramil-Radiofonista.

Esaminados os traballos presentados ao concurso, acordaron emitir o se-
guinte fallo:

-- Conceder o PREMIO MANUEL MATO VIZOSO, 50.000 pts. e diploma, prao --
mellor traballo periodístico sobre AS ROMAXES DA TERRA CHA, a DON JOSE -
MANUEL BLANCO PRADO, de Lugo, polos traballos publicados no diario EL --
PROGRESO, de Lugo.

O Xurado, tendo en conta a calidade do traballo, anque non publicado na/
sua totalidade, como esixen as bases, acordou conceder unha MENCION DE -
HONRA a DONA ALICIA BAAMONDE PAZ, de Lugo, polos seus traballos AS ROME-
RIAS DA TERRA CHA, publicadas no EL IDEAL GALLEGO.

O Xurado acorda, eisimesmo, recomendar ao Axuntamento de Villalba procu-
re divulgar -coa sua publicación- os textos premiados en este e anterio-
res certames literarios de Villalba, pola sua importancia de cara ao fu-
turo, prao esacto coñecemento da historia, tradicións e vida das terras/
da Chaira luguesa.

-- O premio JOSE MARIA CHAO LEDO, dotado con 25.000 pts., diploma e fror
natural, pra poemas inéditos, en galego, con extensión máxima de 100 ver-
sos correspondeu a PEDRA DE COMPOSTELANA, presentado cō lema CAMIÑO DE -
ESTRELLAS. Resultou ser o seu autor, DARIO XOHAN CABANA, de Lugo.

-- O Premio JOSE LUIS GARCIA MATO, dotado con 25.000 pts., diploma e fror
natural, pra poemas inéditos, en idioma castelán, correspondeu ao tidua-
do "RESURRECCION DE PABLO", presentado cō lema: "A NERUDA, EN EL ANIVER-
SARIO DE SU NACIMIENTO". Resultou ser autor do poema, XAVIER LAMA LOPEZ,
de Santa Euxea-Guntín de Pallares-Lugo.

-- Pola calidade do traballo presentado, acordouse conceder unha MENCION
DE HONRA a REFLESIONES ESENCIALES, presentado cō lema HOMBRE FRENTE A LA
VIDA, por DON MANUEL TERRIN BENAVIDES, de ALBACETE.

-- O Premio ANTONIO GARCIA HERMIDA, dotado con 15.000 pts. e diploma, pra
nenos e nenas de 12 a 15 anos, divídese en dous, dotados con 7.500 pts. e
diploma, que se conceden a:

-- MARIA DOLORES MARTIN MARTIN, de 13 anos, Dr.Fleming,2-7-izda, Lugo
polo seu poema O CATAVENTOS, e

-- MARIA DE GRACIA QUIROGA LABRADA, de 13 anos, do Colegio Público -
de Foz, polo poema AMENCER.

-- O Premio CARMIÑA PRIETO ROUCO, dotado con 15.000 pts. e diploma, pra/
nenos e nenas menores de 12 anos, divídese en tres, dotados cada un con/
5.000 pts. e diploma, que se conceden a

-- BERIO QUIROGA LABRADA, de 7 anos, do Colegio Público de Foz, polo
seu poema DENDE A MIÑA VENTA.

-- MARIA CRISTINA BARRIO YAÑEZ, de 8 anos, do colegio de Atrio-Lan--
zós-Villalba, por QUEDOU SOIÑO!.

e -- ANA MARIA RAMUDO YAÑEZ, de oito anos, do colegio de Atrio-Lan-
zós-Villalba, por O CAMPO TEN UNHA NENA.

E pra que conste, espídesse a presente acta, que firman tódolos membros do xurado.